

JANE ADDAMS

Jane Addams naceu en 1860 en Illinois. Estudou no Seminario Feminino de Rockford coa intención de graduarse e comezar a carreira de Medicina. Isto provocou un cataclismo familiar, pois daquela o que se esperaba dunha muller era que casase e formase unha familia. Daquela, pensaron que o mellor era que Jane fixese unha viaxe por Europa durante un ou dous anos para que madurase a súa decisión.

No transcurso da viaxe, comeza a mostrar síntomas dunha grave enfermidade, que se agravou aínda máis coa morte repentina do seu pai. É operada polo seu irmán, quen lle recomendou viaxar uns meses a Europa para recuperarse.

En Londres visitou un centro comunitario e, de volta en EEUU, iniciou un intenso labor social axudando á xente máis desfavorecida. No distrito máis pobre de Chicago fundou *Hull House*, un dos primeiros centros de acollida ao que inmigrantes, orfos, nais sen recursos e outras persoas acudían en busca de axudas básicas e de ferramentas sociais para reintegrarse na sociedade. Este asentamento tiña unha dobre natureza: centro de asistencia e reforma social e centro de investigación no que se levaron a cabo traballos de campo e informes sobre diferentes problemas da época que supuxeron unha grande aportación á Socioloxía.

Tras o estalido da I Guerra Mundial, Jane volcouse na defensa da paz e en 1915 fundou a Liga Internacional de Mulleres para a Paz e a Liberdade. Declarouse abertamente en contra da participación de EEUU na Guerra. A súa defensa da paz atraeu a moita xente, sobre todo mulleres, que acudían alí onde Jane impartía unha conferencia. As súas ideas tamén foron recollidas en artigos e libros, como *Democracia y ética social* (1902) e *Paz y pan en tiempos de guerra* (1922).

No ano 1931 outórgaselle o Premio Nobel da Paz como recoñecemento a toda unha vida entregada a superar as desigualdades sociais, mellorar as condicións laborais das mulleres e das crianzas e a promover a convivencia pacífica entre as nacións. Non puido viaxar a recoller o premio polo seu fráxil estado de saúde. Jane Addams faleceu en 1935.

Rubén Alonso Sobral

1º Bacharelato A